




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A resolución do 29 de xullo de 1999 (D.O.G. do 31 de agosto) pola que se regula a compulsa e expedición de copias de documentos na Universidade de Santiago de Compostela, establece no seu apartado décimo noveno, verbo dos documentos que se aporten xunto coa instancia que inicie procedementos, que o encargado do rexistro certificará a identidade entre a orixinal e a copia consignando un selo no que declara a compulsa.

No apartado vixésimo terceiro declárase exento do pagamento de compulsas, entre outros supostos de feito, a documentación esixida para a admisión de alumnos e para a formalización de matrícula.

Os procedementos de acceso e ingreso na Universidade, son procedementos masivos que se realizan nun curto período de tempo, e que por economía procedemental as instancias non se presentan nos rexistros, senón directamente nas unidades encargadas da súa xestión, polo que a declaración de compulsa non pode realizala a persoa encargada do rexistro.

Co obxecto de facer adecúa-la necesaria declaración de identidade entre o documento orixinal e a copia que presente o solicitante, compre recoñecer tal facultade os funcionarios que teñan encomendada a responsabilidade de ditos procedementos.

Deste xeito e de forma excepcional, procede autorizar, só para o procedemento sinalado nesta Resolución e polo presente curso académico, ademais dos órganos establecidos na Resolución do 29 de xullo de 1999, e durante o período de matriculación, que determinados funcionarios poidan realizar compulsas de documentos orixinais que obrigatoriamente teñan que aportar nestes procesos.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- COMPETENCIA PARA A COMPULSA DE COPIAS.

Os efectos do disposto no apartado vinteún da Resolución Rectoral do 29 de xullo de 2003, verbo da compulsa entre orixinais e copias, esta competencia recoñécese temporalmente ó Xefe de Negociado do Instituto de Criminoloxía nos procedementos que fagan referencia ás peticións do proceso de preinscripción e admisión na titulación propia en Criminoloxía.

SEGUNDO.- ANTEFIRMA

A declaración de compulsa farase consonte á fórmula establecida no apartado vinteún da resolución citada, debendo engadir a data de presente resolución.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2003

O RECTOR,

Seren Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL/SRA. DECANA DA FACULTADE DE DEREITO/SR.
DIRECTOR DO INSTITUTO DE CRIMINOLOXÍA/SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN
ACADÉMICA.